



HVMORISMO ≡  
DIBVXO · HVMO  
RÍSTECO ≡≡≡  
CARICATVRA

≡≡≡  
CONFERENCIA ≡  
MARZO - 1920

17/184  
12-5-61  
20

adei-  
pode  
sti crinea-  
; no no lle  
gumha vez o  
e é um home  
ordedes facer.

Senhoras e senhores:

Mais que unha autocritica quero darvos un feixe d'elementos pra que podades criticar o meu arte. Non veno buscando gabanzas nin loubanzas, aunque fosen merecidas, e pol-o que prida importante a min, compre que vs traduza unhas verbas do gran humorista ingles Chesterton.

« Como un home necessita vere conceituado é certamente mellor que o sepa sobre d'alguns méritos ou talentos que realmente non ten. Entón a súa vanidade repousa máis ou menos fonda; é sómente un error de feito com<sup>o</sup> o home que ve herbar sangue real, ou pensa que ten un sistema infalibel pra Monte Carlo. O mérito irreal non corrompe nin falsifica os méritos reais. O home é vano co-as virtudes que non ten podendo ver humilde co-as virtudes que ten. As mas cualidades ~~son~~ verdadeiramente boas repousan na súa inocencia primordial: non pode velas nin corrompelas. Se o pensamento d'un home está erríneamente cheo co-a idea de que é un gran violinista, iso no lle priva de que sepa un home de ben; mais se algunha vez o seu pensamento está insado co-a idea de que é un home de ben, asíña despará de sel-o. »

Ollade, pois, o mal que me podedes facer.

## I. HVMORISMO

Eu teño un amigo enterrador n'un cemiterio de cidade. Este meu amigo non é, de certo, amigo meu: é somente un onxeto d'esperencia, un coellino de Indias. Un enterrador sabe sempre moitas cousas e cont-a as con humorismo. Un enterrador de cidade que dispe e decalca os mortos para encher as tendas de roupa vella, ten de vere home que lle compre á un humorista. Un enterrador que saia ~~co~~boa boa soldada co ouro dos dentes das caliveras, tiña de vere meu amigo.

Este enterrador tense por home de ben e contame cousas trópicas que fan rir e contame cousas de rir que arrepcion, e co-as sorpresas da súa conversa fuxen as horas sen decatarme.

Doeno, O conto foi que certo dia collin car'o cemeterio e atopei o enterrador un pouquiño non rei cimo, e despois de falarmos moito, díxome que me tiña de contar, en regalo, unha cousa, sempre qu'en fore home de ben e amigo leal. Eu fiquei un pouco encorado pol-o medo á sorpresa desconhecida, e despois de colleirme pol-o hombreiro e averchegarme os seus feitos prodros á miña orela, díxome parativamente:

— atopei uns papeles n' unha caixa!... N' unha caixa que non sei de quen sería. O esqueleto tiña na calivera un ollo de vidro que me fitaba con renreira... e na man tiña inter papeles...

É o enterrador quitón d'amente, do coiro uns papéis es-  
cogados. O enterrador non sabe lér e douvos á min, pra que ll'os  
lêre. Era cachos de periódicos e papéis de fumar, todos unme-  
rados, e no primeiro campaban itas verbas:

"Memorias d'un esqueleto"

Aquela letra era traballota de lér i-estaba feita c'un  
garabullo. A tuita non sei o que seria nin quiseu decatarme do  
que poidera ser.

Cando rematei a lectura xa escomezara o outro fusco  
e lusco e o enterrador, moi amocado, puxo que se non fore por  
Deos núa o esqueleto i-escaháballo a calivera c'un tacho.

Despedime d'el e cando xa núa pol-a estrada, camiño  
da cidade, oin que me chamaba á beirra dende a porta do cime-  
terio.

- ¡Oya, veñ' acó!

É dispois quedino e moi solerminamente:

- Vostede qu'é médico ; non saberia onde mercan ollos  
de vidro?

Por un peso trouxen pra casa, ademais d'un papéis, a  
calivera e o ollo de vidro.

As memorias do esqueleto é o que vos von lér. Escitade,  
pois, si un home do outro mundo, pregándovos, por adiutade, que non  
me fagades solidario das tuas ideas.

Ala voy:

« En nacin. medrei e fíxeme home e un bó dia enfer-  
móuseme un ollo. Fim os médicos e lambérome unha mancha

de cartos e no remate de contar o ollo sandar sandou, pero quedoume  
gelo. Por aquil tempo tiña en un galo tan amante que viñ' a  
comer na miña man. Chamáballe Tenorio.

Estando en apachado c'os gram de millo na curca das  
man, veuse cara min, parechamente, tripando a terra con aquel  
de señorón. Plántase diante de min, ergue o pecezo pra fitar de  
perto, uicain burbunamente, aquil meu malfadado ollo gelo, e cabi-  
lando que veia coma de manpar, apertoume un peiteirazo tan ben  
dirixido que me deixou torto. Agora si, os médiocs, di pois de lambé-  
renne outra manchada de cartos, puséronme un ollo de vidro tan ben  
imitado que bulia e todo.

¡A cantar mulleres engayolli dincándolle o ollo de vidro!..

Moxrin entre cobertores como moxren a cotio os bós honres  
e ben afeitado e ben peiteado e co meu traxe do dia de festa -  
- que por certo levoun-o enterrador o seguinte dia d'enterrarme - fun  
pra debaixo do terrón en que ninguén se lembrase de quitarme  
ollo de vidro.

Deitado na miña caixa de pino repousei moitisimos dias  
tantos que perdin a conta. Aprodrecin apina e os poucos dias d'en-  
terrado escomenzaron os vermes a faguerme cóchegas.

Compre dicir qu'eiqui non está permitido presentarse a  
sociedade con farrapos de carne fedenta apogados no hodo, pois  
os esquelites, que non ven nin comen, ulen tan ben com'os vivos  
aí é que namentras os vermes non manparon a pouca greba que  
troupen, non puden erguerme.

Foi unha noite de luar cando saín da cova por primeira

ver. Trabalhinho custoume desentoller as pernas e caudo m'erguim e botei a calivera fora da terra, fiquei parado... Aquil ollo de vidro que non me servira na vida mais que pra non pasar por torto, irvine agora pra ver...

Folo de contento quitei o ollo, diulle catro bicos e volvin-o a pôr no seu sitio.

D'un pulo brinquei da cova e fun car'o ruciro d'esqueletes.

Os esqueletes son tan parvos com'as persoas. Abonda decir que non pensan mais qu'en beilar.

Pra mim todol-os esqueletes son o mesmo. Páname n'este mundo de hon o que me pasaba no outro c'os negros, que todos eran iguaes. En troques iles, antre si, coñécense moi ben. Debe vere porque iles son cegos i-en veso.

Farto de vel-os beilar com'os osos ô son da "Danza macabra" de Saint Saëns afasteime do ruciro e reparei n'un esquelete qu'estaba rentado n'unha campa e que tñ'a calivera la deada (expresion de tristura e melanconia n'este mundo). Chegueime a il e fitei como na caixa do cadriles tñ'a acochado o esquelete pequerrechinho. Aoiña decateime que era un esquelete de muller e inquirin agarinosamente:

- ; Vostede seria algunha muller das que mataron en Osera, Rebra ou Sofan?

- Non, señor, non - respondeme -. En movim d'unha pena.

Dispois reparei que n'os hosos do cadriles non tñan ningun buraco de bala.

- Mri fonda debem vere a pena! - disoculle.

- Si, señor. En morrin namorada do home que apodrece debaixo d'eta pedra.

É ollando a pedra lín un epitafio en verso e pendurada da cruz vin un ~~mo~~ retrato posto n'un marco de varilla dourada. Era un mozo de bigote arichado, fumando un puro con anilla.

Non quixen saber máis e funne deitar.

N'etes dias hay moitos enterros. Non rei se haberá ambicio, pois revolución non debe habela co-a cobardia que teñen os vivos. Cicais haya folga de médicos, aunque non cuido que os médicos poidan influir na mortandade.

A carón de min enterraron un, e pra saír de dúbidas peteille na sua caipa.

- ¿Hay audacio na cibdade?

- ¡En que sei! - respondeume unha voz coma de home que tiñese a boca chea de papas. (Debe ter xa podre a lingua).

- ¿É logo vostede non sabe de qué morreu?

- ¡En pegueim' un tiro!

Deronme ganas de rir, pero non puden. Os esqueletos non rín á cachón. O bandido é a fronte da gargallada e sen bandido non pode habere gargallada.

- ¿É logo il. haberá folga de médicos?

- Non hay folga, non, pois devantes d'enterrarme un médico, arremangado, abreume a cachola c'un serrón.

- Adeos, lupo, compañeiro, e que apodreces con felicidade

Por pasal-o tempo fun ò cimiterio civil. Alí non se beita; ali todo é serio. Cando entreei funne cara un fote d'esqueletes, qu'estaban escritando a letra d'unha calivera que tiña un buraco n'unha ren. As suas verbas tiñas a todr co-a boca aberta; pero na medea hora qu'estiven escritand-o non poden taniquera apañar unha idea. Aquel suicida tiña un só ideal: a República.

Eu no mundo tamén fun un pouco republicano aunque nunca pensei que a República fose d'abondo pra gobernar Hispania.

O que máis me fixere d'aquela pente foi que non quisesen falar galego, aínda sabendo que os esqueletes non poden falar ben o castelán. Non teu volta que darlle: ren gorxa non pode pronunciarne a "j" nin a "g".

Oíndo decir que o progreso vai car'a unidade tomei a parola pra decir que o progreso iña car'a harmonia e que se o progreso fose cara isa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por riba do progreso está a perfeición e que nós, os galegos, por un desexo de perfeición e por unha diuidade que xa vai sendo diuidade personal non debiamos querer que na fala dos nosos abós se expresase somente a incultura que lle debemos ò centralismo.

N'aquél intre esquecime que non era home nin suspieto de dereito. ¡Ay! Eu xa morrin e non son nada e aínda lei vere meun canto a terra me coma de todo. Compreendendo qu'era no mundo dos esqueletes, volvin a decir:

- ¿Como queredes falar castelán se non tendes gorxa?

Ainda um cemateira de ceibar a derradeira verba, caudo  
un esqueleto outo e forte tirando por min afastome d'aquela  
suntanea

- Vintete fazer mal falar con oitocentistas

; Era un inglés que falaba galego!

Caminho da minha casa fun cavilando que ser somente  
republicano é coma ter a profesim de Diputado a Cortes.

Son moi amigo do inglés. Xuntos paseamos moitas veces.  
Onte saímos do cemeterio e fomos pol-a estrada falando de mil  
cosas; por certo que un mozo que ía tocando no acordeón un  
pas-doble flamenco, ó vermos, quindon os escorrenta-porcos (ai  
lle chamaba en cando vivia) e fuxen com' un lóstrego. O inglés e  
máis eu chuntabamos pra botar fora a risa que tínhamos na i-alma.  
Voltand' ó cemeterio falamos da terra.

; Moito falan da terra os vivos! Unha cousa é a terra e  
outra cousa é a paisaxe. Pr'os vivos a terra é unha cousa ben  
firmada por certo; pr'os mortos a terra son as tebras. Eu penso  
que non morreriamos se a terra non precisare de nós pra dar  
regalia ós que van necendo. A terra quer cousas podres pra  
botar herbitas e florinas e lucirse á conta dos apodrecidos.

Seique foi Maria Guerrero que n'un intre de cursileria  
e pra engayolar á un fato de galegos parvos, doulle un bico á unha  
manchada de terra galega. ; Mellor fora que bicare a codia d'un  
pino ou a toza d'un carballo! A terra galega metida n'unha  
ola é coma a terra castelán, pr'ño por caro de comparanza. Os

inmans pinos e os inmans carballos, qu'ha traçar a terra, eis li  
que un galegos

Acabo de descubrir un gran defecto no inglés. O descubri-  
mento custome unha funda pena. Parece mentira qu'unha  
i-alma tan ergueita e tan intelixente teña un humor tan pouco  
noble.

O inglés ven á buscame euase que todol-os días á miña casa.  
e coma eu un magallán pra erguerme, il entretense falando e xogando  
co esqueleto d'un rapaciño que repousa cabo de mim.

Ollade que clã de xogo entretina o inglés:

Dáballe un quindamázo na calivera o rapaz e triáballe con ela o  
clã, e despois pómase á chorar. O probe do esqueleto cacheaba á  
tentar a calivera e despois póm-a no seu vitio dicíndolle o inglés:

- ; Que mal lle fixen eu? ; E téase queda!

O inglés prometia estar-se queda e axiña volvia á quindarlle co-a  
calivera o probe esqueleto. E así fizo moitas veces.

Eu cando tal reparei arrepiárame o inglés, que me respondeu  
fuiamente:

- Min divertime moito. Min sentir non estar no outro mundo  
pra dar o rillote unha esterlina.

No mundo os obreiros queren as patacas baratas, os labregos  
queren a suba das patacas, e hay homes que non viven das patacas.  
Eiqui as patacas non son un problema ningún; mais polo que fuxim no  
mundo respecto às patacas, dividínumos en duas castas.

Hay no camporanto un pataqueiro que morreu caseque de fame e que oxe ten mausleu de marmore. Foi home de grana meremento na vida; mais agora é insupportabel en forza de cuidar que non nacerá no mundo quen-o avertase coma poeta.

Outro esqueleto de mausleu de marmore foi un americano que, farto d'engayolar ós indios do Chaco con adras de vidro, morreu en avencendo de santidade, deixando cartos pra Escolas e Hospitales. O seu mausleu ten no perneo de todo un simbolo da Caridade en figura de ama de uia. Este filántropo conserva ainda un bisóné que me fai choutar de risa.

O filántropo e mail-o poeta téenme moita seneira. O filántropo di que o poeta non fixo máis que masanas (suposto que quereá dicir versos). O poeta di que o filántropo foi unha beta, d'isan que

« . . . . sobre o ben e o mal  
consultan simplemente o iódigo penal »

O poeta non é ben asinado. Anda sempre pidiendo unha calivera emprestada pra ceitar o monólogo de Hamlet, e ainda fai outras tole-rias máis.

O filántropo non fai nin di nada que mereca contarse. Seu cartos ten moitas tolas-as suas actividades.

Agora va sei porqué o inglés tíname tan grande estima. ¡Xa o vepe!. Pídemme emprestad-o allo; mais eu con miñ aloumi-ñantes verbas e con miñ boas razóns, díxenlle que non llo emprestaba.

Debaxo d' unha cruz de pau mal pintada de ferruxe, re-

pouca um esqueleto que, según fala, foi tam deventurado no outro mundo como é feliz n'este.

- Eu era criada de servir - contorne - Anque nun era bunita tina moçada. Un dia caime un dente e certo demo de señoito qu'andaba faciéndome as beiras ofereume carto pra que fose o dentista. Mireime no espello e apina empceudin canto me afecaba aquil portelo na boca, e tanto esgarabellon aquil señoito na minha toleria moza que deiseime agarimar e puséroume o dente... ¡Ay!, aquil dente contorne un fillo; aquil fillo contorne o creto e canto tina de boa moza. Cain a rolos e atopeime co-a morte, eu saber o que era un trape de vida nin un gulo de cham-pán. Fea vivin, mallada e batida; agora podos dormir.

Ita simple leria deiseime amayado.

Limbrume que cento en rapaz chegou meu pai d'América. O probe nun tempo máis que un borceguins vello e un tarro amedeado de bicarbonato; vintu enfermo e moreu apina.

Sempre choei o fracaso de meu pai que, na minha admiración de fillo, tiven pol-o máis bó, aviscado, inteligente e forte do mundo inteiro. Aquilas terras longanas que zugaron a vida de meu pai form anco maldeida por min. Meu pai era diño de voltar san e millonario.

Onto no meio falabamun das notas vidas e chegoume a vez de contar a minha. Ainda nun rematara de contar a cando un esqueleto, d'ica esqueleto, que pareceu pavor, ergueuse emba un

listrego e dorme tam forte apreta que me rompeu unha cistela.

— ¡ Era meu pai!

Com certo esquelite que trouxo na caxola unha biblioteca enteira, falamos de varias cousas e de todas sabe muito o meu amigo. De todas sabe muito, menos do que é o humorismo. Cando chegamos nas nosas conversas a tal punto, o meu amigo fai catro ou cinco funambulismos filosóficos, estudia o humorismo dos grandes humoristas, fíxose as letras e no remate de contar fíxanos sen saber nada do asunto. Ás veces parece que vai chegar á definición e de súpeto engadella máis o fio.

Un esquelite ten de ser humorista e un esquelite galego muito máis aínda. Un galego é sempre sarcástico ou humorista e a sarcasmeria é o humorismo dos incultos así como o humorismo é a sarcasmeria dos cultos. Un esquelite galego que trouxo unha biblioteca na caxola debía definir o humorismo e non-o define e según di nun libro ningún que o definise aínda.

Eu, que non trouxo máis de tres ou catro libros na caxola, pódolle exemplar unha isto:

Un rapazinho pequerechino escacha unha botella d'aceite nas pedras da rúa e o proibido clava... Un home gordo, deud'a porta d' unha tenda, olla o rapar e rise. ; Cal das duas figuras, ll' interesa máis o humorista?

Pol-a porta d' unha irepa saen dous noivos acabados de casar. A noiva ; malpocada! non pode tapar un linchazo de sete meses. Na porta da irepa hay muita xente. Unha muller

gorda abanea o bandullo co-a risa. Un home atapegra a boca e un  
pau na boca. Unha muller torce o forño pra rir de medio lado.  
Un home, que ten un libro debaixo do brazo, olla veres a esca.  
Unha muller do pobo ten a cara triste. Outra muller, tamén do  
pobo, envoga o nariz e vosma pol-o baixo verbas coma isto: ; sin-  
vergonza! ; Quién d'ita xente é humorista?

Un médico cacha o bacilo de Kerk no epulato d'un seu  
amigo e de súpeto ergue a testa, respira forte, acaricia o microscopio  
e di, suspirando: ; atopeino! ; Pode ver este home humorista?

Vertir un rapaciño de toureiro ou de militar no antroido.  
; pode ser humorismo?

Dixille... dixille - contesta sempre o sabio esqueleto; e un  
me di nada.

Eu ben podían escribir algo sobre da Santa Compañía;  
mais o pobo galego ficaria seu un misterio nas noites d'inverno  
cand'o maxín ferve na cachola con'o caldo no pote. Non;  
eu colarei coma unha estoa.

O que anda en morte que perd'a cör das meixelas, qui-  
flaquera e que morra. A Santa Compañía fai falla nas ceixas  
mornas ô redor da lareira, cando zoa o vento n'as tebras da  
noite.

Oxe meu pai, e'un laparto apocizado n'as mans, faloume  
d'este peito:

- Teño qu'ir ô S. Andrés de Teixido pra cumprir <sup>unha</sup> oferta

que fixen ~~de~~. A minha i-alma ten qui encarnar  
muito tardarei en voltar. Recomendache que non deixes de ollo a minha  
cova e que de vez en cuando botes unha ollada ó meu esqueleto, pois  
terio un veciño coxo e pode roubarne unha perna.

- ~~Pera~~ ~~criada~~ - díxelle - en ~~vixiar~~ ben a tua cova. E  
ajuda escrito meu pai: ; Como é que non encarna n' unha abella?  
Seria meu arriscado e máis lizo o viage.

- ; Que ll' h' nos fazer! Per' veria encarnar n' un ~~vergo~~.  
; Aden, meu fillo.

- Aden lizo, meu pai.

Desde fai tempo veno reparando que un home de carne  
e hueso sae d' unha cova, gabea pol-a parede do cemeterio e foixe  
cara a cidade. D' ali á duas ou tres horas volta pro cemeterio en su-  
mindre n' un deir amén debaixo da terra. A primeira vez que  
en tal reparei un queria dar creto ó meu ollo; mais o caso repi-  
tente moitas moitas veces.

Unha noite púperame ó azepe agardando que surdisse  
da terra e fun detrás d' el. Correr corria o endanado; mais eu,  
convéndome pol-as sombras d' os ~~muros~~ muros, non quitéi o ollo  
d' emita d' el. Chegou ó burgo máis probe da cidade e parouse  
diante d' unha chouza entrando dispor n' ela por unha rendixa  
da porta. Eu rubin ó tellado e saltei á luita que daba detrás  
da chouza, e por un buraguinho puden fitar a esca máis arre-  
piante que podera maximarse. Unha lamparina d' aceite alu-  
meaba morosamente a carniça frasa i-encoveirada d' unha rapa-

za que durmia n' um leito miseravel. O fantasma chegou  
da i-citua unha chea de tempo e os beijos pousados no pescoço da  
rapaza.

Cando s'erqueu tñ'a boca ourelada de ouro, namentras  
no pescoço da rapaza corria un fio de sangue e na pele da sua  
carinha fraca arrupiada a brancura da morte.

Aquel fantasma era um vampiro.

No seguinte dia o fantasma chuchou o derradeiro sangue  
que podia dar a pobre rapaza. Cando ainda estaba quente a  
badalada da unha no campanario da igrexa, ouvearon os  
cans ventand'a morte.

© vampiro sigue chuchand'o sangue de mais victimas,  
que intan morrendo con'as lamparas d'acite chuchadas pol-os mor-  
cegos.

Quiseu saber quén fora o vampiro no mundo dos homes  
e fun lér o seu nome de bronce no rico marmore da campá.  
O nome só abondounle: Fora un canalla que roubaba pra dar  
regalia ó seu bandullo de porco; dono da xusticia, roubaba  
dent'a sua confortabel casa... ; Pra qué decir mais? // Era  
un cacique!!

Eu queria atopar maneira de darlle morte ó vampiro.  
Busca por aqui, cachea por aulá... un puden abraquer n' os cu-  
runchos do maxin unha boa informá pra matal-o e quiseu falar  
co ciguelite que troupo unha biblioteca na cadeira, pra ver se me  
daba luzes a sua conversa

- No vampirismo vêm muitos casos e hay muitas provas materiais de aparições de fantasmas que clucham sangue das pessoas; mais eu penso que um se debe dar credito á semelhantes contos. Fyzição o tempo em que o verdugo queimava os cadavres suspeitos de vampirismo e oxe um se permitiria em ningim pais esperar milha citaça no curazim de ningim cadavre.

O meu amigo, cheo de ciencia official, nvoqueábare das fontes simples que vêm no vampiro. Eu gandeí o meu regredo pra non parar por parvo e equim perguntando solemnamente.

- ; E hay dabin no mundo que vêm no vampirismo?

- Hainos. A fundadora da Zetozofia fala d'isso e conta moito feitos d'ista das. N'o seu libro Isis sin velo, de zona universal, acolle a explicação do fenomeno por causas fisicas, aunque desconhecidas, que empregou a escola hipnotica do frances Pierart. Segun ista escola cuando um morto aparente estivo moi apegado á materia e foi na vida um malvado, o corpo astral, envolto no doble etereo, sae da sepultura em obxeto de manter o fisico em sangue que cluchia nas pessoas vivas, e d'ista maneira perpetuare o estado cataleptico do corpo sepultado. O corpo astral communica o sangue por um medio que ainda non se conhece; pero esperan qu'algum dia o expliquen as ciencias psicologicas.

- ; E vortede nin tanniquera ten duvidas?

- Eu, que um home ben avisado, non creio; aunque, de certo, faunne cabilar certas curas, como um as mortes apparentes e o feito de haberemse atopado cadavres que ainda tinham as carnes molles, os olhos abertos, o viro sonrosado, a boca e o nariz cheo de sangue, que tamen xurdia das feridas, que, por assassino ou por apouticiamento, lle produzera a morte.

-; E de que maneira se pode matar o vampiro?

- Pois... pra separar o corpo astral do físico non hay mais remedio que queimar o cadavre.

Non quixeu saber máis. Afasteime da minha biblioteca e fun pensando pr'o meu adentor: - Vampiros hainvos; pois logo, pol-o si ou pol-o non, debian queimar á todol-o caciques. Os caciques un capaces de facereme os mortos pra seguir vivindo á conta d'os malpro-cados. >>

Esiqui dou por rematada a lectura das memorias do es-quelete. As memorias son máis longas; mais es dito abonda pra un de-catane do humorismo do esquelete que tñia un ollo de vidro.

Eu queria decirvos como é o meu humorismo e pra iso botei man das papeles mercado é enterador de cidade, xa que a semellanza entre o humorismo do esquelete e máis o meu, non pode ser meirande. Os dous tenvos un mesmo fondo sentimental e no noso espirito, ategado d'amore á Terra, campá un sandalismo que nunca chegará á mesturarse co-a retórica mediterránea.

Foi Pio Baroja, home de mal-humor, quen dixo que fai falla ter gosto anárquico, pois os homes de bo gosto somente aceptan o que xa está aceptado e que somente aplauden o que xa está aplaudido. Eu, que son galego por mandato do meu sangue, non poderia guindar os humorismo herdados de meus abois, pra entrar, sen dentes, na mesta confradia de homes de bo gosto, que teñi envenenado o ambiente das novas cidades.

O meu humorismo, que ven do labrego e dos maricheiros (univos dous do espirito da Terra) tñia de falar en galego, pol-a Verdade e pol-o Arte.

En nada teño que ver co chamado humoristas hispanícos, que, polo visto, somente son os de Madrid. A guitarra é hispaníca; a gaita é galega. Eu son galego con a gaita. Dende logo eu non podo transixir c'uns homes que se rian do cesante e do mestre d'escola cando na Francia se rian do burgués. Aya e Bayona son catalans; eu quero vere galego.

Se o humorismo fore un Arte no que competes clarificacións, os humoristas hispanícos figurarian nas partes máis baixas da escala, xa que a súa comicidade de cepa flamenga, xustificábase ne desdeñ que, según ~~según~~ Sacha Suty, sinte todo mundo polo que o diverte. Eu non pretendo divertir a ningúen; e co dito vobor do meu humorismo abonda pra entrar de cheo no que eu entendo que debe vere a caricatura e o dibujo humorístico.

## II - DIBUXO HUMORÍSTICO

Chámase decote caricatura á todo dibujo humorístico; mais eu teño a caricatura por coma moi diferente do que é o dibujo humorístico. Cicais poida verse caricaturista en ser humorista. A caricatura é un xeito novo de desenhos: un Arte que nasceu en Munich á mediados do século derradeiro. Eu tiño que pode verse dibuxante humorista en avullarse á técnica nova nin tamiñquera o impresionismo da liña: os dibuxantes ingleses teñen aínda os ollos postos na Inglaterra de fins do século XVIII.

O humorismo ten a súa capital en Inglaterra. A caricatura ten-a en Alemaña. O dibujo humorístico - tal coma eu

penso que deve ser - ~~em~~ ~~Francia~~ ~~cicais~~ a terra na Francia.

Os ingleses, tendo no espirito o melhor humor do mundo e tendo ademais um dominio grandissimo do desenho, esquecerem, cicais, que toda Arte, como toda idioma, e movimento que um esculha nunca as suas caracteristicas nacionais. Os dibujantes ingleses, no tocante ao dibujo, vivem enquistados n'um dogmatismo academico que aplaca muito o seu ergueito humorismo.

Eu penso que um humorista dibujante, como todo humorista - tem de ser bo observador e bo psicologo e pol-o mesmo impresionista. Explicareime. O dibujante puro fit'as cousas que aluminham a sua retina ou o seu gosto artistico segun a Retorica ou a Poetia que leve na i-alma. e represent'as cousas vistas ou maxinadas tal com'as veu ou maxinou. As vezes o dibujante puro tamem representa cousas grotescas ou anormais, e non por iso e humorista: no grotesco e no anormal - como di um moderno escritor - pode existir a estetica, pois «a estetica e a concencia do arte, ari como o artista e... a sua vontade». O dibujante humorista fai algo mais: diante da vida o seu senso critico vai defrangullando canto fita e depois de desumpor e analizar, exterioriza o seu analisis amostRANDO-nos somente os elementos escolhidos por il. Ali tendes porque, um dibujante humorista, tem de ser ~~humorista~~ impresionista.

Os dibujos humoristicos poden ser: fantarias, parodia, satiras e retratos. Potamb man de verbas, allas podere decir que os fantasistas crean a pavorosia, os parodistas comientana, os retratistas ~~comientana~~ cripiona. E ari em' a fantaria non busca o ridiculo, senin que o crea, e a parodia busca o ridiculo

nas escas da vida (o ridículo que um notam os personagens da vida), a sátira perde a sua característica de bô humor e fire coma um vitelo afiado. A fantasia e mail-a Patódia podem chegar à ironia; « a sátira gasta sempre um ataque ou unha dôr ».

Poida que um espan humorismo nin a sátira nin a ironia; mais em todo coído que diante das mágoas da Terra asballada, calquera humorista de bra cepa galega ten de converterse en satirico ou ironista. ; Cims, venon, poderia manifestar un humorista as suas sementeiras e as suas canaxas? Dos humoristas pensadores, Forain e Abel Faivre, fan chorar co-as suas escas da miseria espiritual de Paris, e calquera dibuxo humorista francés, apanado na realidade da vida, terá un pouco de miseria espiritual; en tuques, os dibuxos ingleses abanicame entre un pesimismo burlesco e o mais avargado optimismo. N'um país ben gobernado, onde hay d'abondo fartura, o humoristas nun choran nin firen; por iso nun haberá optimismo nos humoristas galegos, enraizados na Terra, namentras escribemos os seus laços de dôr. E velahi tendes a razón do meu pesimismo, un pesimismo qu'eu maximo ceibador.

Nun quero falar d'ies malprocados dibuxantes que irran o defuntos alleos, d'ies fillos dos vellos e ben esquecidos caricaturistas que din ás persoas ben feitas fisicamente: - Vostede é quapo; nun teu caricatura...

Eu nun quero, nin ter os meus pés, a quien poeme que o grotesco na vida é o deforme. Nun; o deforme somente pode facer rir os inocentes ou os malvados.

Na minha primeira nocidade, dina da Casa da Troya,

caud'a minha i-alma sofria de parâmpõn e um penaba mais que  
eu sair de tums tocand'a guitarra pol-as ruas, fixen os primeiros  
dibuxos humoristicos n'uma revista pr' americanos. Aciõme  
de ver eu quên don'emprego á isas carantonas porcas, a ises moni-  
creques noventos, á ne humorismo de taberna que ainda ope  
campa na mesma revista pra regalia dos licenciados de Universi-  
dade. Abafado de vergonha empieome culpable e reneço da minha  
primeira mocidade.

○ dibuxo humoristico debe vere outo e pra iso ha de furar  
os nros sentidos e metêndole no mundo interior domearia os nros  
sentimentos apeitand'os ô Ben; d'ua maneira sera util. Diante  
d'inte Arte um terain razõn os evolucionistas que consideran todo  
Arte em'um suço até chegar á oportel-o á toda utilidade.

Mussa puden decatarame como Taine e outros consideran  
ô pintor de almas, espiritos i-emocions em'artistas inferiores  
(e quên di pintor di dibuxante). Este historiador - mellor que  
estético - asegura que « em observadores, que nasceron pra fazer  
novelas i-estudios de costumes e que en vez de ter unha pluma  
na man teñen um pincel ». E qui mais dá fuer abalar o cursa-  
rion human c'uma pluma que c'um pincel?... Un humorista  
que nun teña habilidade pra escribir; por que nun ha de pintar ou  
dibuxar? Unha comedia ou un drama n'um dibuxo lêse d'uma  
ollada e em iso afivare atencion. ○ principio formulado por  
Spencer sobre de economia da forza ten a sua applicaçõn n'ite  
caso. Ademais, em'a expressõn do certo é universal afirman-  
se as traducions, sempre malas ou impropias. Permitideme

que repita o que dicen xa fai anos: "Un piverno que por as  
suas rendidas amostrea somente o ces di muito mais da fame  
d'un ano que un articulo de jornal".

Pol-o que vai dito parece qu'en non son amigo de rir,  
e trabucando etaria quen tal pense. Eu ben quixera que o meu arte  
rise con isa risa dos merinos, dos bis, dos sarr e dos felices; mais  
come humorista galego, fundamentalmente e sinceramente galego, teño que  
afogar as minas risas diante d'unha Verdade que chora.

Eu ben quixera, ben, poder decir con Victor Hugo

"Soyon joyeux, Dieu le dévire  
La joie aux hommes attendris.

Montre ses dents, et semble dire:

Moi qui pourrai mordre, je ris. »

Mais o meu galeguismo etame sempre dicindo á orela:

Ti, que podias rir; morde...

Eu, que xa fai muito tempo biquei pra rempre a Venus de  
Milo, non ando detrás da Belera, e no dibuxo, coma na <sup>idea</sup> ~~representación~~,  
somente busco a Verdade, convencido, com'eton, d'o acerto d'aquil  
vello principio escolástico: Verdade, Deu e Belera son convertibles.

En todo hay fealdade, se queremos, i-en todo hay Belera  
sabendo fitar as curvas. A máis fermosa merina, de allen cran e  
cabelo d'ours, ten no bandullo muitas varas de tripa e a curva máis  
pudre, levada ó microscopio, pode donarnos fermosos temas decorativos.

A orientación do humorismo opome á das outras fontes  
do arte, que interpretan, d'un xeito definitivo, a Natureza. O humo-  
rismo interpreta a Vida d'unha maneira simple e forte, non somente

plástica sem ideológica, e aí comia no desenho puro a forma e o fim, no humorismo é um meio pra expressar ideias.

Os desenhos humorísticos têm um outro valor pra Estória, por debaixo da rixa ou da ironia repousa um comentário sobre a Realidade. Bem di um escritor afeito a nova arte: « Simplificada a forma e sintetizada a ideia adquire inte a arte o caráter d'um elemento que interveiu em todos os feitos sociais, pra discutir, aplaudilos ou censuralos, aportando o valor efectivo d'um juízo que moraliza ou encaminha a opinião ».

### III - CARICATURA

N'esta verdadeira parte empregarei avos ideias, sa expostas por mim no Ateneo de Madrid, pois aunque sa fai avos d'isto, ainda se pe penso da mesma maneira.

Primeiramente empree que definamos a caricatura, deitando que é unha abreviatura do desenho.

Os dicionarios todos, e o da Real Academia tamén, niquem trabucando às palavras, facendolles ver que a caricatura é um desenho pra fazer rir, coisa que pol-o visto enriquece com desenhos variavel longos e pês emna soltas... Pinda que no tempo do "Madrid Comico" os non abris ultraparem de rixa com desenhos de Cilla e de Mecachis; mais se chegamos á tal insensibilidade pra perfeccionamento nervoso que sa non temos cóchegas com os rapaces.

O conceito crasso da caricatura vai entrando pouco

a pouco no meio da aristocracia intelectual e no dos profissionais da linha; pero ainda non trouxo posesión de trabal-as cada unha culti-vadas.

Un pintor do tempo de Apeler desenhara unha figura gro-tesca e chamoulle "Gryllus" i-cita verba expallouse de tal maneira que se fixo extensiva a todas as composicións ridiculas. Desde entón fixéronse moitos "gryllus" e houbo tamén moitos "gryllistas"; mais a caricatura naceu fai poucos máis de medio cento de anos.

Xa que os pais do arte novo non puxeron nome novo tamén ó seu fillo; en binguei, e gáboime d-habê-lo atopado, compoñí nome ó arte vello, chamándolle "gryllismo". Non sepa o conto que se pensa que xa que a caricatura herdou o nome, sepa filla do arte vello...

O culto á liña pura que veña do Xapón ou d'os antigos artistas do Exipto, cunha tamén pura que a caricatura sepa unha volta ó arcasismo coa experiencia do camiño andado; mais eu penso que o sintético na idea trouxo un impresionismo na liña e que a caricatura non é máis que a mesma matemática d'as liñas d'un dibujo impresionista.


Dádeme un bo dibujo impresionista e por rita d'el calcarei unha boa caricatura. Do dibujo humorístico naceu a caricatura que non é máis que a perfeición ou mellor aínda unha síntesis do dibujo impresionista. O gryllismo deformaba a realidade buscándola no anor-mal a fronte da risa; a caricatura sintetiza unha realidade tangible sen escalar a armonía do contorno. A caricatura é un~~ta~~ arte filla de novas ideas, que os críticos aínda non entenden ben, por non apeitane ás vellas taboas de valores. Tam novo é este arte

que ainda non lle cicatrizon o embigo.

Non sempre a caricatura é unha abreviatura do dibujo ou unha síntese do impresionismo da liña, obedecendo á leises determinadas. Moitísimas veces o caricaturista chego de inspiración, deixa á unha beira a folia dos métodos e das regras, e, fora de toda realidade, desena arbitrariamente i-empíricamente, pero con acerto, todo o que se propón. Hay caricaturistas arbitrarios diños de todas as lombanzas. Dagarria, por exemplo, é arbitrario aunque moitas veces ~~si no autoplaxia~~ a una perquiriza faiño caer no autoplaxio.

O caricaturista, sempre sempre «a gran armonia do cenámine», será tanto mellor canto mellor un dea o seu espírito, empregando a técnica simple, pero dificultosa, dos impresionistas ou dos arbitraristas, polo que a caricatura entra n'as requetas máis avanzadas do arte.

A caricatura, fuxindo da sensibilidade femenina, diferenciase das chamadas Bella-Artes polo-a maneira de facer, baseada na simplicidade, isto é, na superioridade do que non sepa expresivo.

Dado o carácter sintético da caricatura non pode ser comprendida por ~~quén non estea no regredo~~ quén non estea no regredo... Pra saber se un home pode entender a caricatura amostriádelle un cascabel e preguntádelle onde está a tua risa  Se nun é intelixente teredes que pintádelle unha nariz e un . Entón vera-a.

A caricatura escolle os rasgos esencialmente expresivos e fuxe de todo o que sepa auxiliar ou accesorio, no que se diferencia iste arte de todos demais. ; Podería decirse que isto requedade esquemá-

tica rifa com todos os credos artísticos? Ora o demas...; quem  
penha ope nos credos artísticos? A caricatura non fosse da  
realidade; quem fosse da realidade son as artes que têm a Bele-  
za por única norma; mais em todo deho repetir que o novo  
arte non deixa de ser estético, o que para é que identifica a  
Beleza co-a Verdade. E vede agora como é grande um arte que  
ceiba da soma de fealdade à mesma Natureza i-en boas costas, mi-  
por-o baixo à dois terços da ~~da~~ humanidade.

N'este mundo todo tem caricatura: as pessoas, as coisas,  
a vida. O que para é que muitas pessoas non têm retrato e poucas  
vidas têm bunitura.

«O verdadeiro objeto do arte é a expressão da vida» - disse  
Lugan. A caricatura como arte <sup>verdadeiro+</sup> non pode limitar-se ao cínico e ao  
humorístico, según pensan muitos. Di Croce: «; Quem determinará uniu-  
lógicamente onde está o cínico co que non é cínico, a risa co-a son-  
risa, a sorriso co-a gravidade e desenhará com linhas precisas a corrente  
contínua en que se espalla a Vida?»

À meu juízo unha caricatura debe facerse desprezando  
isa beleza convencional que tem por defectos muitos elementos d'expres-  
são que. É melhor, reflexan unha bela qualidade psicológica; debe co-  
piarse a attitude e a expressão d'un intre psicológico, as mas idiosin-  
crasia, cando se poida; e todo iso co-a mais pequena quantidade de  
linhas, as indispensables pra que se comprenda a expressão, pois xa  
se sabe que un é a anatomia, senon a fisiologia, o que se retrata e  
o imóvel, uma um di nada, aforra linhas. Por iso d'unha caricatura  
cimenté debem deirse: *Siti ben un mal expresada.*

Non é coma do outro mundo facer expresións perfectamente  
definidas, coma a tristéza e a alegría calladas no pranto e na risa;  
mais é difícil descrever as pequenos matizes da expresión e as mas  
múltiplas combinacións. A risa franca, aragonesa, que s'ensendra no  
bandullo (fonte da gargallada) perde vere de ja, je, ji, jo, ju e  
nada mais; pero xa non hai os mil matizes d'ita expresión que  
alguns fan privativa do home incluído baixo o nome xeneral de  
sonrisa co-a que se disfrazan sentimentos de importancia, coma  
a ironía, a maldade, a tristéza, a bondade, a dor e a loucura e  
a toleria. As bágoas de dor físicas coñecemos porque a persoa  
que clava aplica a man no sitio que lle doi. As bágoas de dor  
espiritual... son mais difíciles: podemos tropezar co-as "bágoas de  
cocodrilo" co "pucheiros" e co "pranto da alegría". N'as bágoas hay  
muita falsificación, deudas as persoa que carpen pol-o defunto,  
atá as que, debuzadas, impan pol-o nariz, abaland'o corpo coma  
un corazón. A dor meirande e a que se descrea n' unha cara de  
de reverencia.

Non quero falar do finximento d' expresión de que a  
mundo emprega o home e non sempre con mala idea. N' isto é  
onde se manifesta muito a pericia do calheador de espíritos. Cando  
artista é bo adivíno do xerto, debe por medios d' unha acción anali-  
tica, presentárnol-o d' un xeito sensible co-a significación que s'  
escende ou desfigura baixo a súa maior ou menor complexidade.

É, pois, moi longa a esquerda d' as expresións enteras e  
a das medas, coatas... centésimas e milésimas d' expresións.  
; Se atá os montes a teñen! E tamén os montes, as pedras, as casas...

A intê propósito sempre lembrar intê dito de n rei que pensava alemian: « Cicais o espirito dentro na pedra, sôre na besta e desperte no home ».

Na expressim do nariz faço minhas as curvas d'um humorista ingles: « De frente o punto invariable é o nariz; collee pol-o nariz a um home é collee-o pol-o medeo de tod-a sua representaçim e do seu carãter. A expressim de perfil cita toda ela no nariz, que nos dá co-a sua forma e o seu tamanho o juicio que lle merecemos e demais: á meirande tamanho, meirande consideraçim social ».

Os olhos têm a expressim que lle dan os párpados. Demonstrame intê sarcandalle a milha pessoa os olhos e porciend'os n'um plato: tanto daria um olho azul como um olho negro.

As cejas e a boca são o clou da expressim e a defenza dos nosos defectos morales pol-a mobilidade voluntaria que têm. ~~Pol-o nariz e pol-o olho ainda se pode enicer hen às pessoas.~~ Pol-o nariz e pol-o olho ainda se pode enicer hen às pessoas. Pol-as cejas e pol-a boca pôdere ollar avos a bondade do avaro, as cotas d'um ladrão, a cencia d'um medico, a honradez d'um abogado, a austeridade d'um xueis, etc, etc. Tamem hay homes ~~que~~ bós que se disforçan de malos, cicais pra defender a debilidadade do seu curaçion.

Os bós caricaturistas non han de fazer com'os comicos que saen á creca disforçand'os de avaros, ladrões, médicos, abogados, xueis...

Os caricaturistas necesitan enicer os musculos da expressim, prin. esquecend'os do intêris que tem o home em agachal-os seu defectos, a estermeaçim da nro espirito cita no engrunamento d'os musculos. « Todo sentimento é um estímulo incitante

d'uma acci3m muscular»: ai di uma ley fisiol3gica. E como as  
contraic3es d's musculos producem pliegues perpendiculares à direi-  
ci3m (principio de Camper) poderase representar por medio de  
linhas todos os estados do espirito dequando à i-alma d'as pessoas e  
d'as mesmas cosas.

Nm falaremos nada d'as 44 express3es que obtivo Du-  
chenne no cadavre pol-a contraic3m electrica d's musculos da  
express3m, nin tampouco falaremos dos interessantissimos trabalhos  
feitos por Darwin.

Simente ~~falamos~~ <sup>aborda</sup> a conhecer os tres esquemas de  
Humberto de Superville, pra deatamos do valne expressivo das  
linhas.



É indubidabel que as linhas horizontaes, dan sensac3m de  
tranquilidade, as obliuas d'enriba à baixo e de dentro à fora  
dan-a de tristera e as d'enriba abaixo e de fora adentro de ale-  
gria. Isto é applicabel ô inanimado.

<sup>Suprimese isto</sup> Para fazer applicac3m d'isto tres esquemas à uma  
caricatura pessoal; a de Beethoven, por exemplo. Na vida d'isto  
serio observar a serenidade como carater principal e con-  
siderando a serenidade como uma mistura de dor e de tranquili-  
dade empregaremos linhas horizontaes e linhas da tristera



Fazamos agora umas poucas caricaturas mais



A de Paris Nazari, pra que ressaies  
que deu mais o párpado que o olho

A de Deuavente, como modelo de  
caricatura arbitrária.



A de Valle-Inclán, fácil por o pelo e os antecolhos

peço de boy.

A de Urquiza, com seu



A de Rey Soto, com sua corinha de ueno e  
um paparo na boca



A de Fernandes-Flvez com sua fissida tris-  
tera

A de Peña Novo c'um  
ollo de arabache



A de Vicente Risco que ten, ademais, ~~unha~~  
caricatura arbitraria e simbólica



un gato

un painaus



e un guardia

civil



e a miña (sen comentariis pois non ten  
mais que sombreiros e antedollos)



Siempre aqui

Para min a caricatura é superior á pintura tradicional  
© novo arte, vestida simplemente c'umha setana de creio, ten moito  
mais espírito que a pintura tradicional vestida con atramallon d' p  
seba i-escarola de garra. Naméntas o neto pensa no futuro vivo  
do relembra con impertinencia o tempo da sua primeira moza. Ela

Sabemos e loubermos a pintura tradicional; pero non fugamos a pintura tradicional.

A pintura tradicional xa choveu, pero deixa descendencia en dous artes: a pintura pura e a caricatura.

Non sei se me darán creto os homes ben aizados; mais en tño que dicirnos sinceramente que a pintura tradicional parece un mueble antigo namentras a pintura pura, pol-o seu outro valor musical, parece unha flor. Pra mim o que non sepa a còr pol-a còr é fabricar muebles antigos.

Polo que vai dito non pensedes que a caricatura non advenite a còr. O que pasa é que a còr entra co seu valor expresivo e participa da simplificación do novo arte.

Aquela proporción de Guillaume Apollinaire

$$\frac{\text{Pintura tradicional}}{\text{Pintura pura}} = \frac{\text{Literatura}}{\text{Música}} \quad \text{ciclos poética}$$

trocarase n'esta outra

$$\frac{\text{Caricatura}}{\text{Pintura pura}} = \frac{\text{Literatura}}{\text{Música}}$$

Pra rematar dicirnos que cando poñan pintarei as info-  
mias d'ea una paisaxe e se teño unha mureira rembo paisaxista.

Dixeu

Porto, 1 marzo 1920